

xxxii campamento urbano

misión do verán



594 como media de participantes diarios.

Bemvinda

O xoves 1 foi o día da benvida ao campamento urbano 2019 e, coma todos os veráns, participaron centos de nenas e nenos.

Este primeiro día foi diferente aos outros anos, xa que non tiramos globos desde as pontes da cidade, senón que foron pompas de xabón para non contaminar. As pombas subiron ao ceo desde a ponte romana, ponte do milenio, pasarela e terraza do centro Comercial.

O ambiente do primeiro día coa acollida, os bos días coa presentación dos animadores e animadoras, o canto do noso himno, a presentación audiovisual do C.U., a formación e actividades de presentación dos pequenos grupos por idades e algunha sorpresa máis crearon entre todos os rapaces e rapazas unha grande ilusión e moitas ganas de vivir esta edición do Campamento Urbano.

Pola tarde ofertáronse, por primeira vez, as tardes do urbano, cun sen fin de propostas, desde baño en Oira até obradoiros.



QUE DI A RAPAZADA!

Hoxe, o día de benvinda, paseino moi ben. Pero este ano, en vez de globos, botamos burbullas dende a ponte, porque contaminan menos. Lucía, 12 anos.

Hoxe chegamos ao Campamento Urbano, pola mañá, para comezar. O patio dos salesianos estaba cheo de nenos e nenas cos seus xogos. Cando soou a canción, fomos ao pavillón, onde nos ensinaron cousas novas. Iria, 11 anos.

Este é o meu terceiro ano no urbano, e sempre o paso moi ben. No inverno xa estou moi emocionada, porque non me quero perder ningún ano de campamento, e cando creza quero ser monitora. Candela, 10 anos.

día da Cultura urbana

O segundo día, o venres 2, foi o día da cultura urbana. Cada idade realizou algunha actividade distinta por toda a cidade, xunto as persoas acompañantes, tanto monitoras como compañeiras. Ofertouse cine no Lusquiños e na Universidade, teatro no Principal, animación á lectura en bibliotecas e librerías, visitas a museos, rutas polo centro da cidade, e obradoiros de disc-jockey, graffiti, ximnasia rítmica, fotografía creativa, batería, baile e cultura italiana, na base do campamento, en Salesianos... E ao finalizar a mañá, regalouse un libro a cada participante.

Na segunda parte do día, como de costume, as tardes do urbano en Salesianos, cunha oferta de máis de 20 actividades distintas, unhas na sede do campamento, outras pola cidade e en Oira.



“ QUE DI A RAPAZADA!

Este é o meu cuarto ano no campamento. Fixen moitas amizades durante todos estes anos. Espero seguir vindo todos os anos e chegar a ser monitora. Aprendín moitas cousas e paseino moi ben. María, 13 anos.

Hoxe, o noso grupo foi á piscina, e paseino moi ben. Pola mañá estivemos na universidade, vendo unha película. Luís, 13 anos.

Hoxe, no museo, fixemos actividades divertidas. Pero foi pola tarde cando máis gocei, xa que facía moita calor, e fomos á piscina. Rebeca, 13 anos



lturaurbanaculturaurbanaculturaurbanaculturaurbanaculturaur-

Parques

día dos

Como hoxe, luns 5, era o Día dos Parques, cada grupo de idade fomos a un parque da cidade, onde puidemos gozar de xogos cooperativos en equipo. Estivemos xogando no parque Barbaña, Parque Infantil, Alameda, parque do Campus, Parque Miño, Chavasqueira, Tinteiro, San Lázaro e Santa Teresita. Ademais de xogar, aprendemos a respectar os “pulmóns” da nosa cidade, e a coidalos entre todos e todas.

Pola tarde ofertáronse as “tardes do urbano”, que son o noso parque de atraccións caseiro, cunha mancha de ofertas: videoteca, tebeoteca, ludoteca, obradoiros, PlayStation, Wii, batería, teatro, sala de xogos, fútbolín, pimpón, grandes xogos, terraza... e, coma sempre, baño en Oíra para un dos grupos de idade.



“

QUE DI A RAPAZADA!

Hoxe fomos ao parque, e facía moita calor. A pesar diso, paseino moi ben xogando. Dani, 10 anos.

Gustoume ir ao parque, aínda que facía moita calor. Pola tarde participamos nas tardes de urbano. Luisa, 12 anos.

”



rquesparquesparquesparquesparquesparquesparquesparquesparq

día da



Hoxe paseino moi ben en Praia América. Fixen castelos de area e pasámolo moi ben. Lucía, 12 anos.



Campamento Urbano

día do Parlamento

No día do Parlamento, mércores 7, decidimos facer “parlamentos infantís” nos que propoñer novas ideas para mellorar o campamento urbano de cara ao do próximo verán. Tomouse nota de todo o que se acordou en cada parlamento, para poder empregalo no seguinte C.U. Estivemos nos salóns de plenos do Concello (onde nos recibiu o alcalde), e da Deputación (co Vicepresidente), e no salón de actos do ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral), na Subdelegación do Goberno, nos xulgados, no salón de actos da CEO e da casa sindical, no Centro Cultural Marcos Valcárcel, no Centro Cívico Colón e no Espazo Xove.

E nas tardes do urbano, gozando das distintas salas, onde se ofertou unha ampla variedade de actividades, ademais de que un grupo de idade foi a bañarse a Oira.

QUE DI A RAPAZADA!

Hoxe paseino moi ben e aprendín moito.

Alejandra, 11 anos.

Hoxe paseino moi ben, porque fixemos un xogo de inventarse un partido político e defendelo.

Álvaro, 13 anos.

Gustoume moito facer o simulacro dun xuízo. Foi moi divertido. María, 13 anos.



mentoparlamentoparlamentoparlamentoparlamentop

día do

Despois de xantar, as tardes do urbano, na base do campamento, en Salesianos, onde, tras as boas tardes, abríase unha grande oferta de actividades para todos os gustos.

Despois de xantar, as tardes do urbano, na base do campamento, en Salesianos, onde, tras as boas tardes, abríase unha grande oferta de actividades para todos os gustos.

QU

Este é o meu terceiro ano no C.U., e está sendo moi chulo. Paseinos moi ben no rastrexo. O que máis me gusta é preparar a noite (un baile) para o último día. Espero volver o ano que vén e gustaríame chegar a ser animadora. Fabiola, 12 anos.

Este é o meu primeiro ano no urbano. Seguirei vindo todos os anos, e logo vou ser monitora. As lembranças do campamento irán comigo á tumba. Adriana, 13 anos.

[illegible]

día da

A large group of students and teachers posing for a group photo in front of a building entrance. The group is arranged in several rows, with some people kneeling in the front. They are standing on a paved area in front of a building with a central doorway and windows. There are trees on either side of the building. The group is diverse in age and appearance, and many are wearing casual clothing. Some individuals are holding papers or bags. The overall atmosphere is formal yet relaxed, typical of a school group photo.



QU
Hoxe for
e nasein

Paseino moi ben en Maside, onde nos bañamos e fixemos moitos xogos. Lucía, 10 anos.



Campamento Urbano

Noite da Cativada

Este venres foi un día especial, xa que foi a noite da cativada, na que durmiron no pavillón do colexio, acompañados dos seus animadores e animadoras, tras unha agradable velada de xogo, no que tiñan que procurar pistas para o tesouro pirata, gozaron dun contacontos antes de ir durmir.

Pasárono moi ben, pero remataron tan esgotados e esgotadas, que durmiron que deu gusto!



QUE DI A RAPAZADA!

Encantoume esta noite, xa que durmín fóra de casa, con outros rapaces e rapazas, e fixemos moitos xogos. Alejandro, 9 anos.

Rematei moi cansa tras os xogos, e durmín axiña. Sabela, 8 anos.

Custoume durmir, porque o chan non era tan cómodo como a miña cama, pero foi unha noite moi bonita. Brais, 11 anos.



noitedacativadanoitedacativadanoitedacativadanoitedacativadan

día da Auga

O luns 12 foi o día da auga en Monterrei. Subimos en buses, e xa alí, pola mañá, realizamos xincanas na foresta e as urbanolimpíadas nas pistas de atletismo, ademais de xogar no circuíto de *karts*, e outro grupo estivo nas instalacións deportivas de santo Domingo. O xantar foi á sombra, por grupos de idade, e sobre as catro da tarde entramos nas piscinas, e gozamos dunha tarde chea de auga, diversión e amizades. Tamén fixemos a foto oficial de cada grupo de idade. Ás 19:20h. xa estabamos todos na base de campamento, para ir descansar ás nosas casas, despois dun día completo de actividades e baño.



QUE DI A RAPAZADA!

Hoxe practicamos deportes, no club de Santo Domingo, e pasámolo moi ben, con multitude de deportes diferentes, como o brilé ou o baloncesto. Despois fomos a Monterrei á piscina, o mellor do día. Alicia e Candela, 13 anos.

Paseino moi ben! Tanto cos deportes como na piscina de Monterrei. Tamén xoguei moito con algúns amigos e amigas. Foi moi gratificante. Brais, 13 anos.

Hoxe paseino moi ben na xincana que fixemos en Monterrei, e encántanme as piscinas. Nene, 10 anos.



Auga auga

Despedida

día da

O martes 13 era o último día de campamento. Foi moi especial. Pola mañá fomos á Praza Maior, onde tivemos os bos días, en compañía das persoas que o Concello enviou na súa representación. Ademais, cantamos e fixemos unha foto lembranza. Despois, cada grupo saíu cara a discoteca que lle tocou, onde bailaron e tomaron un aperitivo. Regresamos camiñando a Salesianos, onde a festa da escuma estaba agardando por nós. Despois xantamos, nas instalacións do colexio. Moitas pastelerías da cidade agasalláronnos os pasteis da sobremesa, e celebramos a velada dos urbaniños, na que participamos moitos de nós. Rematamos facendo a foto final.

Xa queda menos para o campamento urbano do ano que vén!



QUE DI A RAPA ZADA!

O último día do urbano dáme pena, xa que non quero ter que agardar un ano máis. Aquí fago moitos amigos e amigas, e pásoo xenial! O mellor do verán sempre é vir ao urbano, xa que é onde o mellor o paso. Andrea, 14 anos.

Hoxe, na discoteca, bailei un montón; e enriba sabíame case todas as cancións! Fixen novas amizades. Espero poder vir como monitora. Raquel, 13 anos.

A festa da escuma gustoume moito. E a velada final aínda máis. Espero poder volver o próximo ano e atopar a todos os meus amigos e amigas. Brais, 9 anos.

despedidadespedidadespedidadespedidadespedidadespedidadesped

Campamento Urbano Xuvenil

Para os mozos e mozas de 15 anos ou máis, celebróuse o Campamento Urbano Xuvenil. Trátase dunha oferta de actividades que se levan a cabo entre 22 e 00 horas de luns a xoves. Tratando de ofertar alternativas de ocio para a xuventude, organízanse noites de piscina, de concursos musicais, de terras, unha andaina solidaria e a despedida coa noite de terraza con actuacións musicais e baile.



lxuvenilxuvenilxuvenilxuvenilxuvenilxuvenilxuvenilxuvenilxuveni

Tardes do Urbano

tardesdaurbanotar-

As tardes de urbano son un bo espazo para gozar coas diferentes actividades que o campamento propón. Os rapaces e rapazas gozan xogando e participando das diferentes salas, e da opción de poder elixir a actividade que máis lle guste: obradoiros, ver un filme na videoteca, facer deporte, ler e actividades de animación á lectura na tebeoteca, sala de xogos, ludoteca, visitas culturais pola cidade, exhibicións, grandes xogos nos patios do colexio, *Wii*, *PlayStation*, sala de baile, teatro, fútbolín, pimpón, animación de patio, baño nas piscinas de Oira, facer unha pizza e moito máis...





“ QUE DI A RAPAZADA!

Gústame moito facer obradoiros nas tardes de urbano, e levalos a casa. Na ludoteca podo xogar ao *Monopoly*, mentres tomo lambetadas, e iso encántame. Mai, 9 anos.

Encántanme as tardes de urbano! Paseino moi ben na sala de xogos, pintando caras e rindo coas miñas amizades. Moitos nenos e nenas viñeron pintar a cara. Gustoume moito! Alba, 8 anos.

Gústame moitísimo xogar ao fútbolín polas tardes. As tardes de urbano encántame, sobre todo cando merco xeado para merendar. Leo, 12 anos.

Entidades colaboradoras



 Concello de **OURENSE** Xuventude



Parroquia Salesianos
Ourense

alfer



Outros colaboradores: Pizzeria Dolce Vita | Disbegón | Disfrior S.L. | Distrior | Confitería Loñoá | pastelería milhojas | calpurnia 's Bakery | tartas Duiñas | panadería apetece | pastelería miguel | Ossi gourmet | tu recreo | El tribunal | Astrágalo estudio | Mercería Jazmin | Librería Maelka | Librería Jemaca | Fotocopiadora OFIPAL | Edebé | Bimbo Martínez | E Couto Comidas | El Couto Confiterías | Panadería Pastelería Lugar

Agradecimientos especiales: Diego (Exhibición de esgrima) | Marcos Castillo (Monitor Graffiti) | Rafa (Monitor de Tenis)

MCS: Telemiño | Faro de Vigo | Cadena Ser | Cope | La Región | La Voz de Galicia | Radio Líder | Tempos de Lecer | Punto Radio | Radio Voz

Revista Xuvenil Ourense. Nº 36-2019

Director: Xulio César Iglesias

Redacción: Amencer

Corrección: Juan Soutullo

Maquetación: Manuel Segúin

Deposito Legal: O 0001-2000

AXAR non comparte necesariamente as opinións expresadas nas súas páxinas.



AXAR